

A TORRE DE HÉRCULES

A CORUÑA



UXÍA MÉNDEZ BLANCO- 3º B



A Torre de Hércules é o único faro da antigüidade que segue en funcionamento de Europa. Orixinariamente era algo máis baixa e máis ancha porque contaba cunha rampla exterior pola que subían o combustible que alimentaba o faro.

Foi construída polos romanos no século I, e ao longo da súa historia foi modificada en varias ocasións, a máis importante en 1.788, polo enxeñeiro Eustaquio Giannini, que, asesorado por José Cornide Saavedra, recubriu os restos do faro romano coas actuais fachadas. Como recordo da rampla exterior, Giannini ideou unha faixa ascendente que a percorre e completou cada unha das fachadas con falsos arcos para darlle unha imaxe máis neoclásica.



A Torre de Hércules está na cidade de A Coruña e como é un faro, serve para avisarlle aos barcos que non se acheguen moito, que alí está a costa.

O faro é de planta cadrada de 11,40 m de lado e 59 metros de altura, elévase 120 metros sobre o nivel do mar.

No ano 2009 a torre é declarada Patrimonio da Humanidade.



Vouvos contar unha das lendas da Torre, a de Breogán e Ith: no libro das invasións, escrito por monxes irlandeses no século XII, aparece unha lenda que conta como o rei Breogán fundou a cidade de Brigantia, xunto á que construíu unha gran torre. Unha noite, Ith, fillo de Breogán, divisou desde a torre as costas de Irlanda e decidiu conquistalas, pero foi asasinado. O seu corpo foi devolto a Brigantia e o seu irmán Mil, á fronte dun grande exército, chegou a Irlanda e, tras vencer aos seus pobladores, conquistou o país.

Na miña visita á Torre, eu contei os chanzos dende a base ata a cima e había douscentos dezasete chanzos (e máis).



FOTOS: Propias e de Wikiconmons.